


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

5-6 de xullo do 2025

XIV SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nas celebracións últimas Xesús convidábanos a seguilo clarificando que eramos nós os que tiñamos que emprender ese camiño dende á nosa decisión libre. Pedíanos que o coñecéramos e o seguíramos, dende a liberdade e con responsabilidade.

No evanxeo de hoxe, Xesús pídenos algo máis: quere que sexamos as súas testemuñas, os seus enviados, portadores da súa mensaxe.

Hoxe, compartindo esta celebración, o Señor quere que todos nós sexamos tamén portadores da paz e da alegría que trae o Evanxeo, cada un no seu lugar e circunstancias, sen medos, de balde, xenerosamente e sempre sentíndonos irmáns crentes e cribles.

Sintámonos pois chamados por Xesús a ser as súas testemuñas e vivámolo na fe do Pan compartido.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Moitas veces non sabemos vivir dando exemplo de paz e alegría, e deixámonos levar pola rutina e soamente ofrecemos críticas e desunión. Pidamos agora perdón ao Señor e aos irmáns e comprometámonos a vivir ao xeito do evanxeo:*

Monitor/a

- ✓ Comprometémonos a vivir nas palabras e nos feitos que nos fan “enviados do evanxeo”?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir sendo “testemuñas” de paz e de ilusión?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos a vivir sentíndonos parroquia e comunidade ao xeito de Xesús?

SÍ, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos, por Cristo, confiamos que nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, e pedimos hoxe pola xente nova que se compromete libremente para ser testemuñas do Evanxeo coa súa vida.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus noso Pai,
pola vida do teu Fillo, es alento
para quen se sente asoballado e canso.

Concédenos aos teus fieis a túa santa alegría
e axúdanos a vivir sabéndonos enviados
a facer evanxeo para a paz.

Pedímoscho por Xesucristo, noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O profeta, na lectura de hoxe, alenta ao pobo proclamando que Deus sempre está á beira. Chega a dicir: “Como un neno a quen a súa nai consola, así vos consolarei eu”.*

O evanxeo conta como Xesús ten a súa beira homes e mulleres dispostos a dar exemplo. Acaso non seremos agora nós os seus enviados?.

LECTURA DO LIBRO DA PROFECÍA DE ISAÍAS

Alegrádevos con Xerusalén,
e brincade de ledicia por ela,
todos os que a amades.

Exultade con xúbilo con ela
todos os que vos enloitastes por causa dela,
porque mamaredes
e fartarédesvos do peito das súas consolacións,
porque zugaredes e gozaredes do seo da súa riqueza.

Porque así fala o Señor:
"Ollade que eu estendo ata ela a fartura coma un río,
sí, coma un río desbordado a riqueza das nacións.

Vós mamaredes, no colo seredes levados,
sobre os xeonllos seredes aloumiñados.

Coma un neno, a quen súa nai consola,
así vos consolarei eu.

Si, en Xerusalén seredes consolados.

Entón veredes que se alegra o voso corazón
e que os vosos ósos florecen coma un campo".

A man do Señor daráselles a coñecer aos seus servos.

Palabra do Señor

🎵 *nº 55 No colo da miña nai SALMO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela designou o Señor a outros setenta e dous,
e mandounos de dous en dous por diante del a todas as
vilas e aldeas onde tiña pensado ir.


Díxolles:

- A colleita évos ben boa, pero os xornaleiros son
poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande
xornaleiros.

Ide e sabede que vos mando coma años entre lobos.
Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos
paredes a parolar con ninguén polo camiño. Cando
entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: "Paz a
esta casa". E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará
a vosa paz; se non a hai, volverá convosco. Permanecede
na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o
obreiro ten dereito ao seu xornal. Non andedes dunha
casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan,
comede do que vos poñan, compartide cos enfermos que
haxa e dicídelles: "Xa chega a vós o Reino de Deus".

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller
a palabra no corazón



Hoxe somos nós os que temos que levar polo mundo adiante a mensaxe de Xesús.

O evanxeo achéganos moitos valores e actitudes que valen a pena.

No de hoxe os discípulos sinten a responsabilidade de facer crible a experiencia de Xesús. E non o poden facer de calquera xeito:

- * non necesitan moitas cousas, apenas o evanxeo*
- * teñen que facelo compartindo a experiencia, non é algo individual e privado*
- * teñen que dar exemplo de paz, pois levan nas mans unha proposta de irmandade*

Atrevámonos nós a dar exemplo de Evanxeo.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste encontro parroquial, respectando outros credos, damos resposta da nosa fe, e do noso sabernos enviados para facer evanxeo, dicindo*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai que ama a todos sen diferenza e que nos envía para facer un mundo, non de servos e escravos, senón de irmáns?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido, que nos convida a seguir os seus pasos, e que nos envía para que nas nosas familias, e nas nosas comunidades sexamos exemplo da fe?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos alenta a colaborar, construindo unha sociedade, que non asoballe, e que respecte e axude a vivir en paz e en irmandade?.

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa, comunidade que necesita das nosas mans e das nosas ilusións, para sermos Igrexa anunciadora do Reino de Deus?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe que compartimos, rezamos coma comunidade pedindo que saibamos transmitir a mensaxe de Xesús:*

Queremos ser exemplo do evanxeo

Monitor/a:

- ✓ Polas nosas comunidades para que sexan comunidades vivas, ilusionantes e ilusionadoras, e transmitan a todos as ganas por vivir, por traballar e facer do mundo un fogar cheo de paz, oremos
- ✓ Pedimos pola Igrexa, para que deixemos atrás as rutinas que tantas veces nos aburren e sexamos portadores de novidade e esperanza, oremos
- ✓ Pedimos por nós, para que sendo verdadeiras testemuñas do evanxeo nos sintamos enviados de Xesús para ser anunciadores de boas novas dende o respecto, a acollida, o diálogo, a comprensión e a escoita, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas e os pobos que son vítimas de abusos e violencia, para que atopen no camiño mans agarimosas, respectuosas e tolerantes. Oremos

Celebrante: *Señor, noso Pai, neste noso mundo dividido queremos mostrar o teu amor. Fainos comunidade de crentes capaces de aventurarse no teu camiño e na túa vida. Por Xesucristo, Noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Como seguidores de Xesús, con total liberdade, e comprometéndonos co Deus que é Pai, decidímonos confiados a rezar a oración que Xesús nos aprendeu:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús envíanos como as súas testemuñas, sendo e dando exemplo de PAZ. Temos o compromiso de dar unha man para o Reino. Queremos facelo entusiasmados co que podemos aportar para un mundo en irmandade, no que todos nos sintamos comprometidos. Fagámonos cribles nun xesto de paz.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Somos comunidade de fe compartindo ao redor desta mesa. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús, asumindo a decisión, e ofrecendo as mans para facer evanxeo. Ditosos nós convidados a esta vida e a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, noso Pai, Ti échesnos de alento ao compartir a vida escoitando as túas palabras. Fai que non deixemos nunca de pregoar o evanxeo da vida do que Cristo nos quere anunciadores.

El que vive e reina entre nós por sempre eternamente. Amén

Avisase das misas (ver folla do mes)

Unha consideración importante:
o martes día 15 deste mes de xullo imos ir de excursión cos nenos e nenas de catequese ao parque acuático de Cerceda. Será ocasión para compartir e pasalo ben.

Tamén poden vir nenos e nenas que non teñan estado en catequese. Neste caso terán que facer unha aportación de dez euros. Para os nenos que teñan participado en catequese será gratis porque páganse os gastos dende o Fondo Común de Os Cotos. Aínda hai prazas. Avisade canto antes.

*Que teñamos un bo día,
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*

